

JEAN RENOIR (II)

NOVOS CINEMAS NA ANTIGA IUGOSLAVIA 1995-2015.
20 ANOS DESPOIS DE DAYTON (NCI-20)

LETRAS GALEGAS 2016:
MANUEL MARÍA / CENTENARIO IRMANDADES DA FALA

PREMIS GAUDÍ 2016

(S8) 7ª MOSTRA DE CINEMA PERIFÉRICO

THIS IS NOW: FILM AND VIDEO AFTER PUNK

25 ANOS DA E.I.S.

FESTIVAL BEEFEATER IN-EDIT

ABDERRAHMANE SISSAKO

DESENCADRES

FÓRA DE SERIE: ESTRÉAS

OFF GALICIA

CGAI JÚNIOR

CINEMASCAPES

XUNTA DE GALICIA

Esta programación correspondente aos meses de maio e xuño de 2016 está marcada por varias celebracións. En primeiro lugar, e como todos os anos, polo Día das Letras Galegas, dedicado a Manuel María e do que recuperaremos varios documentais sobre a súa figura. Polas mesmas datas, o 18 de maio, cumprese o centenario da primeira asemblea das Irmandades da Fala. Co adaxo deste acontecemento pasaranse diferentes proxeccións centradas en Castelao, entre elas a primeira ficción cinematográfica producida en Galicia que se conserva, *Miss Ledya*, de José Gil, da que festexamos outrosí o seu centenario.

Os acordos de Dayton (1995) que puxeron fin á guerra entre as repúblicas da antiga Iugoslavia son obxecto dun ciclo comisariado por Stefan Ivancic e mais Miquel Martí Freixas que tenta trazar un percorrido polo cine que se fixo neses países desde aquela altura (pódese ver no texto relativo a este conxunto de filmes).

A Escola de Imaxe e Son da Coruña, a EIS de Someso, que comezou a súa andaina en 1991, ao tempo que o CGAI, tamén celebra o seu aniversario. Tres programas con curtametraxes de alumnos saídos das súas aulas servirán para conmemorar os seus primeiros 25 anos.

Como xa vén sendo habitual cada ano, en colaboración coa Academia del Cinema Catalá e a Academia Galega do Audiovisual, proxectaranse cinco sesións cos principais gañadores dos Premis Gaudí nas distintas categorías.

A primeira semana de xuño estará dedicada á sétima edición de (S8) Mostra de Cinema Periférico, cuxa programación (Germaine Dulac, Saul Levine, William Raban, Nicky Hamlyn, Andrés Duque, entre outros) se pormenoriza no texto que segue. Os prolegómenos, o 31 de maio, na habitual sesión de Desencadres sobre Stan Brakhage que ha ofrecer unha das películas máis míticas do autor, pola súa escala e dimensións quizais a súa *opus magnum*, *The Art of Vision* (1965), deconstrución de *Dog Star Man* (1962). Unha película de escasa circulación nos últimos anos e cuxa proxección foi posible grazas á colaboración da Academy Film Archive de Los Angeles.

Festival Beefeater In-Edit é unha escolma do catálogo do festival barcelonés de documentais musicais. A súa programación cadra cunha semana de actividades vinculadas á música que se propoñen para eses días na Coruña e que están organizadas por Accés (Asociación Estatal de Salas de Música en Directo), Clubtura e o concello da Coruña, coa colaboración de In-Edit.

Do cineasta orixinario de Mauritania, Abderrahmane Sissako, estreáronse en España os últimos filmes, *Bamako* e *Timbuktu*. Este último, unha denuncia da intolerancia relixiosa, nomeado inclusivamente ao Óscar ao mellor filme estranxeiro. Agora, en parceria con Cinenómada-Festival de Cine Africano, o CGAI presenta as súas catro longametraxes e tres das súas medietraxes primeiras que, en conxunto, constitúen unha das obras máis estimulantes e singulares do panorama cinematográfico internacional.

A programación redondéase co ciclo de sete programas *This Is Now. Film and Video After Punk* (véxase o texto liñas máis abaixo e a distribución dos programas na web), con outras cinco películas de Jean Renoir, recuperadas en novas copias en DCP, e as seccións habituais: Off Galicia, CGAI Jr., Cinemascares ou Fóra de serie. En rigor, esta última comprenderá unha única sesión, a película póstuma de Manoel de Oliveira, *Visita ou Memórias e Confissões*, rodada en 1982 pero só exhibida publicamente tras a morte do cineasta portugués en 2015, unha película íntima que marca un punto de inflexión na vida e na obra de Oliveira.

Agradecementos: Pepe Coira, Producións A Fonsagrada, Filmanova, Margarita Ledo Andión, Academia del Cinema Catalá, Academia Galega do Audiovisual, Cassie Blake e Charles Edward Rogers/Academy Film Archive (Los Angeles), EIS-A Coruña, Alberte Pagán, Cristobal Crespo, Emilio R. Blanco, Accés (Asociación Estatal de Salas de Música en Directo), Clubtura, Concello da Coruña, Festival Beefeater In-Edit, Marion Berger, Martin Pawley, José Antonio Jiménez.

Foto portada: John Maybury, *The Technology of Souls*, 1981 (Cortesía do artista e LUX)



Novos cinemas na antiga Iugoslavia.
20 anos despois de Dayton

O programa "Novos cinemas na antiga Iugoslavia. 20 anos despois de Dayton" nace coa vontade de observar e reflexionar sobre o intento de reconstrución dunha sociedade destruída pola guerra a finais do século XX.

A contenda que fixo extinguir a República Federal Socialista de Iugoslavia rematou oficialmente a finais de decembro de 1995 cos chamados Acordos de Dayton. Este longo, complexo e fragmentado conflito armado marcou un antes e un despois para os países que emerxeron das antigas repúblicas socialistas da rexión balcánica. O final da guerra foi a conclusión dunha estrutura política e económica que afectou a todos os seus habitantes.

No transcurso das décadas de 1995 política e social, cada república vive o seu propio desenvolvemento político e social. Especialmente nos comezos, non exentas de conflitos que, en certas ocasións, devolvéron á rexión o desafortunado protagonismo nos medios tido durante a guerra. Coa pasaxe dos anos, unha

certa normalización democrática marca o ritmo dunha nova estrutura política, con similares pros e contras a aqueles que afectan á nosa sociedade global.

Neste contexto, o programa cinematográfico "Novos cinemas na antiga Iugoslavia 1995-2015. 20 anos despois de Dayton" propón unha ollada en perspectiva sobre o territorio da ex Iugoslavia e mais o seu cine, ilustrando, reflexionando e cuestionando estes últimos vinte anos como período histórico. Estas obras pertencen a dúas xeracións de mozos cineastas aparecidos durante e despois da guerra. Espallados polos novos países nados logo da disolución de Iugoslavia, ofrecen diferentes puntos de vista sobre a paisaxe sociopolítica vindeira, a recente guerra xa distante, os legados do pasado e os seus reflexos nas relacións humanas desta sociedade.

Miquel Martí Freixas, Stefan Ivancic

Agradecementos: Miquel Martí Freixas, Stefan Ivancic, Filmoteca de Catalunya (Barcelona), Pyramide International (Paris), Zita Hosszúová/Kino Lumiere (Bratislava), Ira Ceci/Kinorama (Zagreb), Martina Kolari/Factum (Zabreb), Vladimir Tomi (Copenhagen).

(S8) 7ª Mostra de Cinema Periférico



(S8) Mostra de Cinema Periférico celebra a súa sétima edición do 1 ao 5 de xuño, reunindo un ano máis a sobranceiros nomes do cine experimental. Unha edición especial baixo o nome *Os novos impresionistas*, título que pretende facer unha chiscadela a varios dos artistas que nos visitan, na súa procura incansable de retrataren a luz. Xiran arredor dese tema os programas dedicados a cineastas como o canadense Stephen Broome e o francés Jacques Perconte. A escolma abrangue tamén un programa de varios autores cuxa obra estudia a luz e as cualidades pictóricas de cine e vídeo. O impresionismo como vangarda histórica, por outra parte, estará representado nunha sesión consagrada a Germaine Dulac, pioneira do cine e parte dos chamados impresionistas franceses dos anos 20.

O (S8) traerá á cidade, como vén sendo costume, varias figuras chave do cine de vangarda. É o caso do estadounidense Saul Levine, que desde finais dos sesenta xunta o cine diarístico coa busca formal e a militancia política ao utilizar como ferramenta fundamental o Súper 8. De Inglaterra chegan os cineastas ligados á mítica London Filmmakers Co-op: por unha banda, Nicky Hamlyn, que fará a estrea na Coruña dun novo filme performance feito para a ocasión ademais de presentar un programa retrospectivo dos seus filmes. Por outra banda, o veterano William Raban, figura incontornable do cine espallado desde os anos setenta, ofrecerá unha máster class en que tratará sobre o tempo e a materialidade do soporte fílmico e onde se ha incluír a súa performance *Take Measure*.

Agradecementos: William Raban, Nicky Hamlyn, Saul Levine, Andrés Duque, Chris Kennedy, Vtape, Filmoteca de Cantabria, Eugeni Bonet, Albert Alcoz, CREA.

This is Now: film and video after punk

En colaboración con:



This Is Now: Film and Video After Punk é unha gran retrospectiva producida pola distribuidora británica Lux que centra a súa ollada no cine e o vídeo da era pospunk no Reino Unido. O ciclo comprende un total de sete programas temáticos que o CGAI-Filmoteca de Galicia presenta entre o 7 e o 28 de xuño de 2016.

Os primeiros 80 foron testemuñas dun estoupido na produción independente e alternativa de imaxes en movemento. *Clubbers*, estudantes de Belas Artes, novos románticos e membros da escena pospunk comezaron a se servir de tecnoloxías caseiras para subverteren os medios *mainstream* e encontrar novos modos de expresión. Lanzáronse fitas VHS independentes que esquivaron a censura e o Súper 8 foi adoptado como un novo medio tan barato como lírico. O DIY (*do-it-yourself*) do punk renacera con novas forzas.

Os artistas desafiaron os convencionalismos sobre como se debería facer cine e quen debería facelo. Mulleres, gays e cineastas negros deron un paso adiante, a ocupar espazos e desenvolveren novos estilos e técnicas. Os colaboradores de Derek Jarman, John Maybury e Cerith Wyn Evans, experimentaron co Súper 8 e enrolaron como actores a amigos: Leigh Bowery e Siouxsie Sioux participaron en historias fragmentarias e oníricas. Isaac Julien e Grayson Perry exploraron os discursos de representación persoal e cultural; e a gran directora de vídeo clips pop Sophie Muller (Beyoncé, Rihanna, The Strokes) utilizou a película de 16 mm superpondo capas de imaxes.

This Is Now conmemora a diversidade da produción de cine e vídeo independente no Reino Unido na década de 1980, un momento único en que o abaratamento das novas tecnoloxías fixo posible que as novas voces fosen tidas en conta. Unha nova estética impúxose no cine, a televisión, a moda ou a música durante os anos seguintes. O BFI National Archive restaurou vinte películas en Súper 8 e 16 mm deste período, moitas das cales saen á luz pola vez primeira en máis de tres décadas. Elaborados durante varios anos, estes programas fannos voltar a unha etapa clave na vida cultural do Reino Unido, a un tempo que reflicten a súa influencia nos vídeos de Internet e no cine de hoxe en día.

William Fowler (BFI National Archive)

Agradecementos: María Palacios Cruz, Nicole Yip/Lux (Londres).

Programación Vigo

Auditorio Municipal. Praza do Rei. Vigo
Máis info: www.lumierevigo.com

- Maio 3, 19.30 h. Charles Burnett KILLER OF SHEEP (1977) 80'. Subt. Castelán.
- Maio 24, 19.30 h. Charles Burnett MY BROTHER'S WEDDING (1983) / WHEN IT RAINS (1995) 94'. Subt. Castelán.
- Maio 31, 19.30 h. Off Galicia ESTEREOSCOPIA / ANACOS / SER E VOLTAR / Eco (Xacio Baño, 2012-2015) 50'.
- Xuño 21, 19.30 h. Sergio Oksman O FÚTEBOL (2015) 70'. Subt. Castelán.
- Xuño 28, 19.30 h. Sergio Oksman A ESTETICISTA (2004) 96'. Subt. Castelán



Programación Ourense

Biblioteca Pública Nodal. Concello, 11. Ourense
Máis info: <http://cineclubepf.blogspot.com.es/>

- Maio 2, 20.30 e 23h. Fóra de serir BENJAMIN SMOKE (Jem Cohen, 2000) 72'. Subt. Castelán.
- Maio 9, 20.30 e 23 h. Off Galicia ESTEREOSCOPIA / ANACOS / SER E VOLTAR / Eco (Xacio Baño, 2012-2015) 50'.
- Maio 23, 20.30 e 23 h. Charles Burnett KILLER OF SHEEP (1977) 80'. Subt. Castelán.
- Maio 30, 20.30 e 23.00 h. Charles Burnett MY BROTHER'S WEDDING (1983) / WHEN IT RAINS (1995) 94'. Subt. Castelán.
- Xuño 6, 20.30 e 23 h. Sergio Oksman O FÚTEBOL (2015) 70'. Subt. Castelán.
- Xuño 13, 20.30 e 23 h. Fóra de serie SAYAT NOVA (Sergei Parajanov, 1969) 77'. Subt. Castelán.
- Xuño 22, 17 e 20.30 h. CGAI Jr. O MENIÑO E O MUNDO (Ale Abreu, 2013) 80'. Sen diálogos.
- Xuño 23, 17 e 20.30 h. CGAI Jr. LA CANCIÓN DEL MAR (Tomm Moore, 2014) 93'. Versión Castelá (17h.) e Subt. Castelán (20.30h.)



Información xeral

Todos os filmes se proxectan en versión orixinal, agás indicación contraria. A duración dos filmes é orientadora e aproximada. Esta programación pódese ver alterada por razóns alleas á nosa vontade. Unha vez comezada a sesión, non se permitirá a entrada á sala de proxeccións. As sesións de capacidade limitada teñen reservado un

número indeterminado de butacas. As sesións sinaladas con signos de exclamación ⚠️ sofren modificacións respecto dos horarios habituais.

Prezo da entrada

- Xeral: 1'20 €
- Carné Xove: 0'60 €
- Abono para 10 sesións: 9 €
- As sesións de entrada gratuita notificaranse no programa.

Tel.: 881 881 270
Fax: 881 881 271
E-mail: programacion.cgai@xunta.es

Subtitulado electrónico*
Subtitula'm S.L.

Información adicional
www.cgai.org

A venda de entradas iniciárase 15 minutos antes de comezaren as sesións (non se venden entradas anticipadamente). Só se venderán un máximo de dúas entradas por persoa.

Sala de proxeccións
CGAI. Durán Loriga, 10
baixo. 15003 A Coruña

MARTES

maio
03 18.00 e 20.30h.
 Jean Renoir
El río (1950)
 99'. DCP. Subt. Castelán.

maio
10 18.00 e 20.30h.
 NCI-20: Herdanzas íntimas
Dremano Oko (V. Perišić, 2003) / **Dad** (V. Škafar, 2010)
 101'. 35mm. Subt. Galego



maio
24 18.00 e 20.30h.
 Jean Renoir
The Southerner
 (1945)
 92'. DCP. Subt. Castelán.

maio
31 19.30h.
 Desencadres
The Art of Vision
 Stan Brakhage, 1965
 255' aprox. 16mm. Entrada de balde.
 Copia cortesía do Academy Film Archive

xuño
07 20.30h.
 This Is Now
 (1) Performing the Self
 87'. DCP.

xuño
14 18.00h.
 This Is Now
 (2) Home Taping
 75'. DCP.
 20.30h.
 This Is Now
 (3) Just Images
 81'. DCP.



xuño
21 18.00h.
 This Is Now
 (4) Before and After Science
 74'. DCP.
 20.30h.
 This Is Now
 (5) Through a Glass, Darkly
 76'. DCP.

xuño
28 18.00h.
 This Is Now
 (6) Video Killed the Radio Star
 76'. DCP.
 20.30h.
 This Is Now
 (7) Entering the Dream Space
 80'. DCP. Presentación: Nicole Yip. Entrada de balde.

MÉRCORES

maio
04 18.00 e 20.30h
 Jean Renoir
French Can-can
 (1954)
 97'. DCP. Subt. Castelán.

maio
11 18.00h.
 NCI-20: Crebacabezas da memoria
Our Shadows Will (V. Perišić, 2014) / **Heavens** (J. Maksimovic & I. Salatic, 2014) / **Abdul & Hamza** (M.G. Singh, 2013)
 76'. DCP. Subt. Galego*.

20.30h.
 NCI-20: Un futuro atoldado
Made of Ashes (O. Glavonic, 2012) / **The Reaper** (Z. Juric, 2014)
 115'. DCP. Subt. Galego*.

maio
18 18.00h.
 Letras Galegas/Irmandades da fala
Filmando a Castelao
 C. Larrondo, A. Reixa, 2007
 52'. Vídeo. Entrada de balde.

20.30h.
 Letras Galegas/Irmandades da fala
Miss Ledyia (J. Gil, 1916) / **Noticario nº 15** (Vicuz Films, 1929) / **Imaxes de Castelao en Buenos Aires** (E. González, 1972)
 50'. 35mm. Entrada de balde.

maio
25 18.00h.
 Premis Gaudí 2016
El adiós (Clara Roquet, 2015) / **13 dies d'octubre** (Carlos Marques-Marcet, 2015)
 110'. DCP. Subt. Castelán. Entrada de balde.

20.30h
 Premis Gaudí 2016
El camí més llarg per tornar a casa
 Sergi Pérez, 2014
 80'. DCP. Subt. Castelán. Entrada de balde.

xuño
01 18.00h.
 (S8) Mostra de Cinema Periférico
Sinais en Curto
 60' aprox. Vídeo. Entrada de balde

20.30h.
 (S8) Mostra de Cinema Periférico
Programa Germaine Dulac
 64'. 16mm/35mm. Subt. Castelán*. Entrada de balde

xuño
08 20.30h.
 EIS, 25 anos
A repesca (Sandra Sánchez, 1995) / **Mofa e Befá. Gran liquidación** (Jorge Coira, 1995) / **Paranoia Dixital** (Ángel de la Cruz, 1996)
 58'. 35mm. Presentación. Entrada de balde.

xuño
15 20.30h.
 Cinemascope
Dersu Uzala, el cazador
 Akira Kurosawa, 1975
 148'. 35mm. Presentación e coloquio: C. Crespo e E.R. Blanco. Entrada de balde.

xuño
22 20.30h.
 Abderrahmane Sissako
Timbuktú (2014)
 97'. DCP. Subt. Castelán. Presentación e coloquio: Marion Berger e Martin Pawley. Entrada de balde

xuño
29 18.00 e 20.30h.
 Abderrahmane Sissako
Heremakono (En attendant le bonheur) (2002)
 90'. Vídeo HD. Subt

XOVES

maio
05 20.30h.
 NCI-20: Xeración interrompida
Flotel Europa
 Vladimir Tomic, 2015
 71'. Vídeo HD. Subt. Galego*. Presentación: Miquel Martí Freixas. Entrada de balde

maio
12 18.00 e 20.30h.
 NCI-20: Esvarar cara ao futuro
No no (D. Komljen, 2008) / **Tilva Ros** (N. Ležaić, 2010)
 117'. Vídeo HD

maio
19 18.00h.
 Letras Galegas/Manuel María
Peregrinaxes. Viaxando con Manuel María (X.C. Garrido, L. Diéguez, 2005) / **Manuel María na Terra Chá** (Xulio Xiz, 1995)
 85'. Vídeo. Entrada de balde.

20.30h.
 Letras Galegas/Irmandades da fala
As Irmandades da fala. 100 anos (2016)
 60'. Vídeo. Entrada de balde. Cortesía da TVG

maio
26 18.00h.
 Premis Gaudí 2016
Game Over
 Alba Sotorra, 2015
 78'. DCP. Subt. Castelán. Entrada de balde.

20.30h.
 Premis Gaudí 2016
Truman
 Cesc Gay, 2015
 108'. DCP. Entrada de balde.

xuño
02 18.00h.
 (S8) Mostra de Cinema Periférico
Saul Levine: Programa 1
 70'. Super 8/16mm. Entrada de balde.

20.30h.
 (S8) Mostra de Cinema Periférico
William Raban: Programa 1
 73'. Vídeo. Entrada de balde.

xuño
09 20.30h.
 EIS, 25 anos
Coruña imposible (Paco Rañal, 1995) / **¡Ainda máis difícil!** (Ángel de la Cruz, 1998) / **Televapor** (Ricardo Llovo, Paco Carballés, 1997)
 45'. 35mm/Betacam. Presentación. Entrada de balde.

xuño
16 18.00h.
 Festival Beefeater In-Edit
Bird on a Wire
 Tony Palmer, 1974
 105'. Vídeo HD. Subt. Castelán. Entrada de balde.

20.30h.
 Festival Beefeater In-Edit
Lambert & Stamp
 James D. Cooper, 2014
 117'. Vídeo HD. Subt. Castelán. Entrada de balde.

xuño
23 18.00h.
 Abderrahmane Sissako
Le jeu (1988) / **Octobre** (1991) / **Sabriya** (1997)
 80'. Vídeo HD. Subt. Castelán.

20.30h.
 Abderrahmane Sissako
La vie sur terre (1998)
 61'. Vídeo HD. Subt. Castelán.

xuño
30 18.00 e 20.30h.
 Abderrahmane Sissako
Bamako (2006)
 118'. Vídeo HD. Subt. Castelán

VENRES

maio
06 18.00h.
 NCI-20: Reunión dos pequenos
The Sky Below Osijek (Zv. Juric, 1996) / **Three** (G. Devic, 2008) / **Karpotrotter** (M. Ivanišin, 2013)
 104'. DCP/35mm. Subt. Galego*.

20.30h.
 NCI-20: Seguir adiante
The Shovel (N.S. Shoba, 1997) / **Home** (A. Stojkovic, 1996) / **Djeca, Children of Sarajevo** (A. Begic, 2012)
 102'. DCP/35mm. Subt. Galego*.

maio
13 18.00 e 20.30h.
 Jean Renoir
Elena y los hombres
 (1956)
 96'. DCP. Subt

maio
20 18.00 e 20.30h.
 Jean Renoir
El testamento del Dr. Cordelier (1959)
 95'. DCP. Subt. Castelán

maio
27 20.30h.
 Fóra de serie
Visita ou Memórias e Confissões
 Manoel de Oliveira, 1982
 68'. 35mm. Subt galego*

xuño
03 11.30h.
 (S8) Mostra de Cinema Periférico:
 aulaCrea
Eugení Bonet: conferencia+film
 180'. 16mm/Vídeo. Entrada de balde

18.00h.
 (S8) Mostra de Cinema Periférico
Nicky Hamlyn: Programa 1
 76'. 16mm. Entrada de balde.

20.30h.
 (S8) Mostra de Cinema Periférico
Oleg y las raras artes
 Andrés Duque, 2016
 70'. DCP. Entrada de balde.

xuño
10 20.30h.
 EIS, 25 anos
Amor serran (Luis Liste, 1999) / **O matachín** (Jorge Coira, 1996) / **Isolina do Caurel** (Chema Gagino, 1997)
 48'. 35mm. Presentación. Entrada de balde.

xuño
17 18.00h.
 Festival Beefeater In-Edit
Rumba 3
 J. Casademont, D. Casademont, 2015
 90'. Vídeo HD. Entrada de balde.

20.30h.
 Festival Beefeater In-Edit
Salad Days. A Decade of Punk in Washington D.C. (1980-90)
 Scott Crawford, 2014
 103'. Vídeo HD. Subt. Castelán. Entrada de balde.

xuño
25 18.00h.
 Off Galicia
El último rally
 José Antonio Jiménez, 201680'. Vídeo. Presentación: J.A. Jiménez. Entrada de balde.

SÁBADO

maio
07 18.00h.
 CGAI Jr.
Kerity, la casa de los cuentos
 Dominique Monféry, 2009
 76'. Versión castelá (+ 5 anos). Entrada de

maio
14 18.00h.
 Off Galicia
A Seara
 Pepe Coira, 2016
 82'. DCP. Presentación: Pepe Coira. Entrada de balde.

maio
21 18.00h.
 Letras Galegas/Manuel María
Manuel María. Fala e terra desta miña terra
 Margarita Ledo Andión, 2005
 27'. Vídeo. Presentación: M. Ledo Andión. Entrada de balde.

maio
28 18.00h.
 Premis Gaudí 2016
Atrapa la bandera
 Enrique Gato, 2015
 94'. DCP. Entrada de balde

xuño
04 17.00h.
 (S8) Mostra de Cinema Periférico
Home and Away (Carta Branca a Chris Kennedy)
 63'. Super 8/16mm/35mm/Vídeo. Entrada de balde.

20.30h.
 (S8) Mostra de Cinema Periférico
Saul Levine: Programa 2
 73'. Super 8/16mm. Entrada de balde.

xuño
11 18.00h.
 Off Galicia: Alberte Pagán
Faustino 1936 (2010)
Walsed (2014)
Frank (2015)
 75'. Vídeo HD. Presentación: A. Pagán. Entrada de balde.

xuño
18 18.00h.
 Festival Beefeater In-Edit
Orion: The Man Who Would Be King
 Jeanie Finlay, 2015
 86'. Vídeo HD. Entrada de balde.



CGAI  CENTRO GALEGO DE ARTES DA IMAXE
 FILMOTECA DE GALICIA

Programación | 237 | **maio xuño** | 2016 |